

RESOLUCIÓN reitoral do 27 de marzo de 2026 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para organizar cursos de extensión desta universidade no ano 2026 no campus de Ourense

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 16 de febreiro de 2026 mediante a que se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2026, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría,

RESOLVE:

Aprobar a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de cursos de Extensión en 2026 no campus de Ourense (Anexo) e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



ANEXO

Cursos extensión 2026

Solicitudes admitidas – Campus Ourense

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto
Aguiar Fernández, Francisco Xavier	Ferramentas e procesos de facilitación para a intervención ecosocial
Arias Estévez, Manuel	O xadrez como ferramenta pedagóxica transversal
Brea Castro, Millán	Videoxogos: historia, cultura e recursos pedagóxicos. Iniciándonos en los exergames
Campos Álvarez, Xosé Ramón	Ourense no tempo: historia, arte e tradicións (IV)
Fernández Abreu, Francisco Javier	Artistas e industria musical
Fernández González, María	Desafíos e oportunidades para a conservación da biodiversidade
Fernández Simo, Jesús Deibe	Intelixencia artificial e innovación desde unha perspectiva socioeducativa
Lameiras Fernández, María	A pornificación da cultura: hipersexualización e mercantilización do corpo das mulleres
Legido Soto, José Luis	Termalismo en Ruta: das augas salúíferas de Galicia ós manantiais da Aquitania
Pérez Feijóo, Paulino	Cinema galego. Diversidade creativa

